



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Anuncio da aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal núm. 14 reguladora da taxa pola prestación de servizos deportivos, culturais e de lecer

ANUNCIO

Aprobado inicialmente a modificación da ordenanza fiscal nº 14, reguladora da taxa pola prestación de servizos deportivos, culturais e de lecer en sesión ordinaria realizada o 17 de xullo de 2025, e sometido a información pública, sen que se teña presentado alegación ningunha, pola presente procédese a dar publicidade ao indicado acordo elevado automaticamente á categoría de definitivo así como ao texto íntegro da Ordenanza Fiscal núm. 14 modificada en cumprimento do sinalado no artigo 17.4º do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, entrando en vigor a partir do día seguinte ao da publicación efectiva no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

O texto do Regulamento quedará a permanente disposición do público no enderezo electrónico, sección Transparencia, apartado Normativa en vigor (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency>).

As súas disposicións rexerán por tempo indefinido en tanto non se proceda a súa modificación ou derogación sen que quepa respecto do seu contido outro recurso que o contencioso-administrativo que se poderá interpoñer a partir do día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo marcado no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa (artigo 19.1º Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Asinado dixitalmente polo alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba o día 10 de setembro de 2025.

“ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DEPORTIVOS, CULTURAIS E DE LECER.

Artigo 1º.Fundamento legal

Consonante co previsto no artigo 57 do RD legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en relación co artigo 20 da mesma Lei, e en uso das facultades concedidas polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e artigos 15 a 19 do xa citado RD legislativo 2/2004, este Concello establece a taxa pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e recreativos.

Artigo 2º. Feito impositivo

1. Está constituído pola realización, por persoas físicas ou xurídicas, de actividades socioculturais, deportivas e recreativas tanto en instalacións municipais coma concertadas.

2. Aos efectos da aplicación da taxa, a obriga de contribuír nace dende o momento en que se formaliza a inscrición nunha actividade e até que remate a mesma, agás cando formalicen a súa baixa na actividade en cuestión nos termos establecidos nesta ordenanza.

3. A baixa nunha actividade solicitarase no Rexistro Xeral do Concello e non eximirá do pagamento do período impositivo correspondente (día, mes ou cuadrimestre) á data de formalización da baixa.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

Están obrigados ao pagamento da taxa por realización de actividades socioculturais, deportivas e de lecer:

1. As persoas físicas que formalicen a súa inscrición nas mesmas nos termos e condicións sinalados no artigo 2.2

2. As persoas físicas ou xurídicas que promovan a utilización dos locais municipais para calquera das actividades previstas nesta ordenanza.

Artigo 4.º. Responsábeis

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo todas as persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria. A responsabilidade esixirase en todo caso, nos termos e consonte co procedemento previsto na nova Lei xeral tributaria 58/03, do 17 de decembro.

Artigo 5.º. Cota tributaria.

1. Tarifas.

Establécese unha matrícula por alumno/a das escolas deportivas e culturais así como unha mensualidade; as actividades puntuais e os obradoiros contan só cunha matrícula. As taxas das actividades, deportivas, culturais e de lecer son as seguintes:

CONCEPTO	MATRÍCULA	MENSUALIDADE
ESCOLAS DEPORTIVAS		
1 HORA/SEMANA	25 €	7,00 €
2 HORAS/SEMANA		13,00 €
3 HORAS/SEMANA		19,00 €
4 HORAS/SEMANA		25,00 €
POR INCREMENTO EN ½ HORA		2,00 €
ESCOLAS CULTURAIS		
1 HORA/SEMANA COLECTIVA	25 €	10,00 €
2 HORA/SEMANA COLECTIVA		18,00 €
3 HORA/SEMANA COLECTIVA		24,00 €
4 HORA/SEMANA COLECTIVA		30,00 €
POR INCREMENTO EN ½ HORA		2,50 €
EDUCANDO A VOZ INDIVIDUAL 1 HORA		30,00 €
EDUCANDO A VOZ INDIVIDUAL 2 HORAS		60,00 €
ESCOLA DE MÚSICA		
MÚSICA E MOVEMENTO (4 e 5 anos)	25 €	10,00 €
INICIACIÓN MUSICAL (6 e 7 anos)		10,00 €
LINGUAXE MUSICAL MÁIS UN INSTRUMENTO		55,00 €
LINGUAXE MUSICAL MÁIS DOUS INSTRUMENTOS		75,00 €
COMBO/CORO/BATUKA		15,00 €
OBRADOIROS MAIORES		
1,5 HORAS/SEMANA	0 €	10,00 €
2 HORAS/SEMANA		13,00 €
POR INCREMENTO EN ½ HORA		2,00 €

ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN	IMPORTE
POLIDEPORTE (QUINCENA)	20,00 €
POLIDEPORTE (MENSUAL)	35,00 €
IOGA (MENSUAL)	20,00 €
MULTIDEPORTE (QUINCENA)	30,00 €
MULTIDEPORTE (MENSUAL)	50,00 €

OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS E DE LECER (CURSOS/EXCURSIÓNS/XORNADAS)	IMPORTE
DE MENOS DE 4 HORAS	7,00 €
DE 5 A 14 HORAS	13,00 €
DE 15 A 24 HORAS	19,00 €
DE 25 A 34 HORAS	25,00 €
DE 35 A 51 HORAS	35,00 €

Artigo 6º.-Xestión,inscricións e devengo.

As solicitudes para participar nas actividades presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, unha vez aberto o prazo de inscrición, e se tramitarán por rigoroso orde de entrada.

A condición de inscrito nunha actividade esixirá o previo pago da matrícula. Cando se formalice a matrícula anual débese estar ó corrente dos débitos de cursos anteriores.

As cotas das actividades liquidaranse mensualmente e son obrigatorias dende o día primeiro de cada mes.

As baixas superiores a un mes eximirán do pago si se comunican a través do Rexistro Xeral do Concello dentro dos dez primeiros días do mes. As que e comuniquen a partir do día once producirán efectos no mes seguinte.

Cando, por causas non imputables ó suxeito pasivo, a actividade non se desenvolva procederá a devolución do importe correspondente.

O órgano municipal competente poderá acordar as seguintes bonificacións:

Tipo de bonificación	Matrícula	Mensualidade
3 ou máis inscricións por unidade familiar	50% en todas as matrículas	50 % na escola de menor importe
Familia numerosa	50 % de bonificación en todas as matrículas	50% de bonificación nas escolas deportivas,culturais ou de música.
Persoas/familias coas que se estean a traballar a través do Programa de educación familiar ou outro programa dos servizos sociais comunitarios do concello de Mugardos e foran derivadas e valoradas desde este departamento mediante un inform técnico.	100% en todas as matrículas	100% en todas (escolas, obradoiros e outras actividades)

Os obradoiros e outras actividades non serán de aplicación para a concesión de bonificacións de número de actividades por unidade familiar.

Para poder ser beneficiario/a da/s bonificacións, nos casos de 3 ou máis inscricións ou por unidade familiar ou familia numerosa, os requisitos que se deben cumprir son os seguintes:

- Os ingresos da unidade de convivencia non poden superar o 100% do IPREM mensual por persoa, para o cal deberáse presentar a seguinte documentación:

-O título de familia numerosa, no seu caso.

-O certificado de convivencia.

-A declaración do IRPF do ano inmediatamente anterior ao que se realiza a/s solicitude/s de inscrición.Para os efectos, teñen a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral coa base imponible do aforro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A bonificación será estimada previo informe técnico conxunto dos departamentos de Deportes e Cultura no que se faga constar as actividades nas que está inscrito/a, e o resto de datos complementarios (familia numerosa, unidade de convivencia e á xustificación de ingresos da unidade de convivencia)

O procedemento que se aplicará para a valoración e concesión da bonificación será o seguinte:

☐ Formalización de solicitude de bonificación mediante instancia con entrada no rexistro municipal acompañada da documentación acreditativa.

☐ Comprobación do cumprimento de requisitos polos servizos técnicos dos departamentos de Deportes e Cultura e emisión de informe proposta remitido á Intervención municipal para fiscalización.

Acordo do órgano municipal competente.

Artigo 7.º. Conceptos fiscais

Poderanse levar a cabo actividades acordadas con sociedades, clubs ou asociacións. As condicións de financiamento das Escolas incluídas nos convenios que se establezan coas sociedades, clubs ou asociacións, determinarase ao comezo de cada curso escolar.

Artigo 8.º. Partidas falladas

Considéranse partidas falladas ou créditos incobrábeis aquelas cotas que non se puidesen facer efectivas polo procedemento de prema. Para a súa declaración instruírase o oportuno expediente, de acordo co establecido no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 9.º. Obriga de pagamento

As débedas por estas taxas poderán esixirse polo procedemento administrativo de prema, de acordo có establecido no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 10.º. Infraccións e sancións

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 181 e seguintes da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 11.º. Dereito supletorio

Naqueles supostos non previstos pola presente Ordenanza, será de aplicación a lexislación vixente.

Disposición derradeira.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor até que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

2025/5900